



SOLICITUDES E PERMISOS

Pódense tramitar no teléfono **902 112 000** ou nas oficinas da Consellería do Medio Rural (Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, delegacións provinciais, distritos forestais).

Clase de queima	Permiso
Restos agrícolas (A menos de 400 m do monte)	Comunicación
Restos forestais	Autorización
Controlada	Autorización

- O prazo para facer a queima é de 7 días dende que se concede o permiso.
- Recoller a autorización na oficina que che indiquen e levala sempre contigo.
- No caso das comunicacións, anotar o número da notificación da queima.



TELÉFONOS DE INFORMACIÓN

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS
DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A CORUÑA **981 18 45 33**

LUGO **982 29 45 27**

OURENSE **988 38 64 55**

PONTEVEDRA **986 80 54 58**

PARA DAR ALARMA DE INCENDIO FORESTAL

Teléfono

085

Se a liña estivese ocupada
pódese chamar ao teléfono

112

Para dar alarma de actividade incendiaria
chamar á Garda Civil ao teléfono

062

TODAS ESTAS CHAMADAS SON GRATUÍTAS

SERIE DE TRÍPTICOS DIVULGATIVOS DA LEI 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais
CAPÍTULO 6: PERMISOS DE QUEIMAS, USOS DO LUME E INCENDIOS FORESTAIS

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Montes e Industrias Forestais

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Investigación,
Tecnoloxía e Formación Agroforestal



PERMISOS DE QUEIMAS, USOS DO LUME E INCENDIOS FORESTAIS


(Lei 3/2007 de prevención e defensa
contra os incendios forestais)

<http://mediorural.xunta.es>

QUE É O ÍNDICE DE RISCO DIARIO DE INCENDIO FORESTAL (IRDI)

O IRDI é o risco de perigo de incendios forestais, tendo en conta a meteoroloxía e a secura da vexetación e do solo. Establécense cinco niveis: baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).

Consúltalo chamando ao **902 112 000** ou na web: <http://mediorural.xunta.es>



RESTRICIÓN NAS QUEIMAS

Consulta cal é a época de perigo alto de incendio.

	Época de perigo alto	IRDI 4/5	IRDI 3	IRDI 1/2
		Moi Alto Extremo	Alto	Baixo Moderado
Queimas controladas		Prohibida	Prohibida	Autorización
Queimas de restos agrícolas		Prohibida	Comunicación	Comunicación
Queimas de restos forestais		Prohibida	Autorización	Autorización

TIPOS DE QUEIMAS

Queimas de restos agrícolas amoreados e forestais

Están totalmente prohibidas nas épocas de perigo alto de incendio e só se farán cando non haxa outro xeito de eliminar estes restos.

As queimas de restos agrícolas precisan comunicación e as queimas de restos forestais, autorización da Consellería do Medio Rural.




Consellos para as queimas

- Non facer as queimas se vai vento.
- Realizar as queimas durante o día, rematalas 2 horas antes do solpor e interrompelas no caso de levantarse vento.
- Facer unha devasa perimetral de polo menos cinco metros.
- Ter controlada a zona que se vai queimar.
- Non facer nunca as queimas só.
- Vixiar que o lume quede ben apagado.
- Levar sempre o DNI, o teléfono móbil e o número da comunicación ou copia da autorización.

Queimas controladas

Son aquelas realizadas para o control do mato como medida preventiva.

Precisan da presenza de técnicos autorizados e dos servizos de extinción de incendios.



As queimas controladas precisan de autorización e a presenza de equipos técnicos.

